

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Neste 25 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifesta o seu total rexeitamento a calquera forma de violencia física, psicolóxica ou sexual, exercida contra a muller, á vez que desexa trasladar a súa solidariedade e apoio ás familias e persoas achegadas das vítimas desta terrible lacra que acumula máis de 800 mulleres asasinadas desde 2003.

Desde agosto deste ano recoñécese por primeira vez ás fillas e fillos menores de mulleres que sofren violencia de xénero co status de vítimas, un paso importante que debe traducirse en medidas de protección con urxencia. En 2015, oito menores foron asasinadas e asasinados por mor da violencia machista, a falta de confirmación de cinco casos que se atopan en investigación. Oito vítimas ás que hai que engadir 44 nomes máis de menores orfas e orfos que perderon as súas nais a mans, en moitos casos, dos seus propios pais.

Desde o COPG reclamamos que se poña o foco na contorna da muller que sofre violencia de xénero, especialmente e pola súa vulnerabilidade, nas fillas e fillos, para que poidan medrar lonxe do abuso, do maltrato, sen ver perigar as súas propias vidas. O asasinato de fillas, fillos, irmás, amigas, nais, outras parellas... non son simplemente uns "danos colaterais" non cuantificados nas estatísticas: é a confirmación de que estamos diante dunha forma de terrorismo machista, que busca manter a dominación, a submisión e o control da muller; a consolidación dunha desigualdade que afecta á metade da poboación.

As secuelas de medrar nun contexto de exposición á violencia de xénero son profundas e están contrastadas: ansiedade, depresión, patoloxías físicas e mentais, predisposición a sufrir/exercer violencia na adolescencia e na idade adulta, trastornos alimentarios, estrés protraumático, dificultades no vínculo de apego... É preciso que o recoñecemento legal como vítimas traia consigo medidas concretas para que reciban unha atención integral.

Demandamos un compromiso real por parte da sociedade no seu conxunto, e especialmente, das Administracións públicas. No que vai de ano, 48 mulleres foron asasinadas en todo o Estado, 6 delas en Galicia, cifras semellantes á doutros anos que revelan que non se está a avanzar nesta loita. Asasinatos ou tentativas, agresións, delitos machistas repulsivos que traspasaron á esfera pública e que nos leva a constatar que a lacra da violencia permanece tan

vixente como cando se implantou a Lei Integral contra a Violencia de Xénero en 2004.

Cómpre que ese carácter "integral", recollido na propia lexislación, sexa tal. Un asasinato non é resultado dun impulso: chega precedido dun longo período de dominación, de control, de violencia psicolóxica e de agresións físicas. Descargar todo o peso da loita contra a violencia machista na vítima e na súa denuncia é inútil, se non vai acompañada por medidas de protección e de apoio, tamén psicolóxico. Vendo como se está a encarrear a loita contra esta brutalidade, a situación precaria dos servizos que traballan en violencia de xénero, desbordados, con servizos subcontratados e completamente dispares segundo o territorio, fainos concluir que os poderes públicos aínda non entenderon "o contido teórico", as raíces da violencia de xénero; de aí a ineficacia dos recursos operativos.

A superación da violencia machista pasa, ineludiblemente, por atallar a desigualdade histórica entre homes e mulleres. Mentres non se aborde cun compromiso real, seguiremos con medidas parciais e ineficaces que non conducirán á fin desta terrible lacra. Desde o COPG, esiximos que se poñan en marcha políticas preventivas e de intervención psicolóxica nas idades máis temperás, para erradicar as desigualdades sobre as que se asenta a violencia contra a muller. Neste sentido, sinalamos a importancia das e dos profesionais da Psicoloxía na prevención primaria, elaborando protocolos de detección e programas de intervención nos centros educativos e achegando pautas que contribúan a establecer valores de igualdade e a erradicar estereotipos machistas.

A Xunta de Goberno do COPG

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015